Actuacións a desenvolver: ampliar a información que se proporciona aos estudantes de Bacharelato en relación coas aptitudes específicas das diferentes titulacións universitarias.

Período de execución: 2012-13

Recursos/financiamento: ningún

Indicadores de execución: modificación da estratexia informativa propia do programa A Ponte

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Planificación das ensinanzas							
Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da ensinanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<p>A valoración xeral do grao de cumprimento deste criterio é satisfactoria porque existen evidencias documentais relativas á realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co mesmo.</p> <p>O apartado 5 da MVT ("Planificación de las enseñanzas") detalla polo miúdo a estrutura e desenvolvemento desta titulación de grao: estrutura das ensinanzas (presentación, sentido, análise e distribución académica e temporal detallados de cada un dos módulos e das materias que incorporan, mecanismos de coordinación docente, metodoloxía de ensino-aprendizaxe, avaliación, xestión do Prácticum, etc.), planificación e xestión da mobilidade de estudantes propios e de acollida, descrición detallada de cada unha das materias de ensino-aprendizaxe do plan de estudos correspondentes aos diferentes módulos e ás diferentes mencións, etc.</p> <p>Así mesmo, o "Manual del Sistema de Garantía Interna de Calidad" describe (MC07) como a Facultade planifica as ensinanzas que imparte e como orienta as súas actividades docentes á aprendizaxe do seu alumnado, partindo de información axeitada para satisfacer as súas necesidades e establecendo mecanismos e procesos que garantan o seu eficaz desenvolvemento e mellora continua.</p> <p>De maneira máis específica, en diversos apartados do "Manual de Procesos" do propio SGIC preséntanse as indicacións a seguir para acadar unha planificación das ensinanzas de calidade, tal como se indica a continuación. Concretamente, no proceso PC-03 establécese como a Facultade vai garantir que as ensinanzas que oferta se realicen de acordo coas previsións realizadas, para o que planifica anualmente e implanta o seu programa formativo de xeito que o alumnado consiga acadar os obxectivos definidos en cada unha das titulacións oficiais. No subproceso S01-PC-03 establécese as actividades a realizar pola Facultade para elaborar as propostas do Plan Docente Anual, de xeito que se garanta a dispoñibilidade de medios docentes (recursos humanos e materiais) que aseguren a calidade dos ensinos impartidos e favorezan a aprendizaxe do alumnado. O subproceso S02-PC-03 establece as actividades a realizar pola Facultade para elaborar a proposta do Plan de Organización Docente dos Departamentos con responsabilidade nas Titulacións da Facultade, de xeito que se garanta a calidade das ensinanzas impartidas e se favoreza a aprendizaxe do alumnado. No subproceso S03-PC-03 establécese a sistemática para a elaboración da programación das materias co fin de asegurar que as ensinanzas se realizan de acordo ao recollido no Plan de Estudos e de xeito que o estudantado consiga acadar os obxectivos definidos para cada titulación oficial. No subproceso S04-PC-03 é onde se establecen as actividades a realizar pola Facultade para elaborar os horarios e calendarios de exames das titulacións adscritas ao centro, de forma que se garanta a dispoñibilidade de medios docentes (recursos materiais e humanos) para asegurar a calidade do ensino e favorecer a aprendizaxe.</p> <p>No proceso PC-06 establécese como acoller, orientar e tutelar ao estudantado no momento da súa incorporación á universidade e ao longo de todo o período de duración dos estudos, coa finalidade de favorecer a aprendizaxe, o desenvolvemento e a orientación laboral.</p> <p>O proceso PC-07 é o que establece o modo no que a USC facilita a mobilidade do alumnado e ofrece unha información estruturada e actualizada dos distintos programas de mobilidade coa finalidade de que o estudantado da USC acceda a outras universidades e/ou que estudantes doutras universidades accedan á USC en réxime de intercambio con garantías suficientes para adquirir as competencias e coñecementos establecidos no plan de estudos.</p> <p>Logo, o proceso PC-08 é o que establece a sistemática para organizar e xestionar as prácticas do alumnado en empresas e institucións de xeito que se garanta a calidade, o recoñecemento académico e o aproveitamento máis adecuado das mesmas por parte do estudantado da USC; estas prácticas están orientadas a completar a formación do alumnado universitario e a facilitar o seu acceso ao mundo profesional.</p> <p>O obxecto do proceso PC-09 é establecer a sistemática para coordinar a actividade docente, tanto no que se refire á programación das materias como ao seu desenvolvemento, coa finalidade de asegurar que as ensinanzas se realizan de acordo coas previsións realizadas e de xeito que o estudantado consiga acadar os obxectivos definidos para cada unha das titulacións oficiais.</p> <p>Finalmente, é no proceso PC-10 onde se establece a sistemática para avaliar a consecución dos obxectivos e a adquisición das competencias, definido todo no plan de estudos, por parte do alumnado, coa finalidade de asegurar que se realice coas maiores garantías de obxectividade e equidade posibles.</p> <p>En definitiva, tales evidencias dan conta do grao de concordancia e coherencia entre estes aspectos relacionados coa planificación das ensinanzas na MVT e no SGIC do Centro, así como da importancia que se lle concede á calidade da planificación docente para acadar os obxectivos formulados no perfil do título.</p>							

BOAS PRÁCTICAS:

A posta en marcha do plan de estudos favorece manifestamente o traballo en equipo do profesorado da Facultade, xa que se dispuxeron na práctica os diferentes mecanismos de coordinación docente especificados na MVT e no SGIC do centro, a través de órganos de coordinación e dinamización pedagóxicas que se reúnen periodicamente.

O programa de acollida dirixido aos estudantes de novo ingreso ten continuidade, aínda que con diferente orientación, ao longo dos seguintes anos dos estudos, a través das xuntanzas que as coordinacións de curso e de título realizan periodicamente co estudiantado, encontros nos que se ofrece orientación e tutela no desenvolvemento do traballo do alumnado, recomendacións para a maximalización do seu esforzo académico, orientación laboral, etc.

Ademais, entendeuse necesario implementar (e así se realizou, de xeito novidoso na Facultade) un proceso de elección de delegada/o e subdelegada/o de curso (á marxe da representación do alumnado na Xunta de Facultade), para facilitar o establecemento dunha interlocución fluída entre os diferentes órganos de coordinación pedagóxica e o propio colectivo de estudantes, grupo por grupo.

PROPOSTAS DE MELLORA:

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Recursos humanos							
<p>Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>A concordancia entre o especificado na MVT e no SGIC do centro con respecto a este criterio resulta satisfactoria, dado que en ambos documentos existen evidencias relativas á realización ordenada e sistemática de accións relacionadas cos recursos humanos.</p> <p>No apartado 6 da MVT ("Personal académico") faise unha descrición dos recursos, é dicir, do profesorado e outros recursos humanos necesarios e dispoñibles para levar a cabo o plan de estudos proposto: Persoal académico dispoñible (PDI), experiencia docente e investigadora do profesorado (quinquenios e sexenios), persoal da administración e servizos (PAS), así como unha previsión e estimación do profesorado necesario para a docencia do novo Plan de Estudos e outros recursos humanos necesarios para garantir a calidade (persoal técnico de apoio no uso das TICs). Igualmente se fai referencia aos mecanismos de que se dispón para asegurar a igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.</p> <p>Así mesmo, o Manual SGIC do centro, co obxectivo de garantir e mellorar a suficiencia numérica, competencia e cualificación do seu persoal docente e investigador, propón mecanismos que aseguran o acceso, xestión e formación do mesmo: Procedementos que lle permiten recoller e valorar información sobre as súas necesidades de persoal académico, competencia e resultados actuais do mesmo, así como a sistemática para controlar, revisar e mellorar as actuacións relacionadas co mesmo e procedementos para regular os procesos de toma de decisións sobre o acceso, avaliación, promoción, formación e recoñecemento (Cap. 8 - MC08).</p> <p>Pola súa banda, no Manual de Procesos do SGIC figuran os procesos de xestión dos recursos humanos, especificamente os relacionados coa selección de persoal docente e investigador, formación do persoal académico, avaliación do profesorado, e o mesmo en relación co persoal de administración e servizos (PS-01). Máis en concreto, a sistemática para a realización na Facultade da avaliación do profesorado no marco do programa <i>Docentia</i> está recollida no apartado P01-PS-01.</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p>							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p> <p>No curso 2010-11, cando comezou o proceso de implantación do novo plan de estudos, produciuse un incremento significativo no cadro de PDI, para atender ás novas necesidades docentes derivadas da nova titulación de grao e ao aumento de 3 a 4 anos na duración total do novo título con respecto á antiga diplomatura. Non obstante, esta tendencia non tivo a necesaria continuidade nos cursos seguintes, de maneira que as xustificadas demandas de ampliación da dedicación do profesorado contratado ou de novas prazas de profesorado non foron atendidas por problemas orzamentarios.</p> <p>En relación co anterior, é necesario avanzar cara á diminución da presenza de profesorado contratado a tempo parcial (substituíndoo por PDI a tempo completo), porque esta circunstancia condiciona negativamente a organización docente da Facultade, en especial polo que se refire á elaboración dos horarios.</p> <p>Punto débil detectado: demasiado profesorado con dedicación a tempo parcial Responsable da súa aplicación: Departamentos e Vicerreitoría de Titulacións e PDI da USC</p> <p>Actuacións a desenvolver: os departamentos afectados deberán insistir na necesidade de ampliar os contratos do PDI a tempo parcial Período de execución: 2012-13 Recursos/financiamento: o necesario para a ampliación dos contratos Indicadores de execución: ampliación do cadro de persoal a tempo completo</p> <p>Así mesmo, cómpre contar con persoal técnico de apoio en TICs. Neste sentido, a Xerencia da USC debería impulsar a actualización e formación continua dos membros do PAS, para que poidan atender as novas necesidades docentes en relación co uso das TICs.</p> <p>Punto débil detectado: falta de persoal técnico de apoio en TICs Responsable da súa aplicación: Xerencia da USC Actuacións a desenvolver: capacitación de persoal cualificado para desempeñar esa función Período de execución: 2012-13 Recursos/financiamento: o necesario para levar a cabo a cualificación dos membros do PAS que se demanda</p>							

Indicadores de execución: dispoñibilidade de membros do PAS cualificados en TICs	
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
Incluír na MVT unha actualización do cadro de persoal (Táboa 6.1), número de quinquenios e sexenios (Táboa 6.2), así como unha revisión da Táboa 6.6 en relación coas necesidades docentes derivadas das novas ratios de alumnado/docentes.	Ofrecer datos actualizados en relación cos recursos humanos.

Recursos materiais e servizos							
<p>Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>Existen evidencias documentais relativas á realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio. O apartado 7 da MVT ("Recursos materiales y servicios") expón a xustificación da adecuación dos medios materiais e servizos dispoñibles, tanto polo que se refire aos recursos (aulas de uso xeral, aulas específicas, aulas-seminario, laboratorios e espazos con dotación específica, espazos para traballo en grupo dos estudantes, bibliotecas, recursos en rede para a docencia e outros servizos) como aos mecanismos para garantir a revisión e o mantemento (infraestruturas materiais e recursos informáticos). Tamén se inclúe un apartado relativo á previsión de adquisición dos recursos materiais e servizos necesarios.</p> <p>Así mesmo, o "Manual del Sistema de Garantía Interna de Calidad" indica como a Facultade xestiona e mellora continuamente os seus servizos e os recursos materiais de que dispón, co fin de alcanzar os obxectivos establecidos nos plans de estudo e cubrir de forma permanente as necesidades e expectativas lexítimas dos seus grupos de interese (capítulo 9 – MC09). Pola súa banda, no "Manual de procesos do SGIC" figuran os procedementos documentados que permiten xestionar os recursos materiais (PS-02) e os servizos (PS-03) como apoio á actividade docente. Este documento desenvolve, ademais, o procedemento para o control dos documentos e dos rexistros (PS-04).</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Instalación dun horto de balcón na Facultade en colaboración coa Oficina de Desenvolvemento Sustentable, na liña de favorecer un descenso da pegada e débeda ecolóxicas dos membros deste centro, camiñando así cara a unha USCenTransición e a prol da sustentabilidade. - Completar a iluminación dos corredores da Facultade con detectores de presenza, co obxecto de lograr un maior aforro enerxético. 							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p> <p>Tal como se indicaba no punto 7.2 da MVT, a Facultade de Formación do Profesorado comezou a recuperación de espazos utilizados actualmente polo CEIP Anexa, como paso previo á redistribución e readaptación do edificio no seu conxunto. Deste xeito, podemos dispoñer dunha nova aula de Didáctica da Expresión Plástica e dun novo espazo para traballo autónomo do alumnado e con equipamento informático para usuarios. Non obstante, o proceso de negociación entre a USC e a Consellería de Educación en relación coa redistribución dos espazos do edificio non seguiu o ritmo previsto, de maneira que nestes momentos non é posible garantir a dispoñibilidade do espazo imprescindible para desenvolver a docencia do título cando se implanten os catro cursos do grao. Debe axilizarse, xa que logo, a redacción do proxecto técnico de remodelación de espazos no edificio da Facultade, propiedade da USC pero compartido co CEIP Anexa, co fin de cubrir axeitadamente as necesidades de docencia e xestión indicadas na MVT.</p> <p>Punto débil detectado: falta de espazo para o desenvolvemento da docencia, porque boa parte do edificio está ocupado por unha institución allea á USC</p> <p>Responsable da súa aplicación: USC e Consellería de Educación</p> <p>Actuacións a desenvolver: redacción e execución do convenio entre a USC e a Consellería de Educación que posibilite unha redistribución dos espazos</p> <p>Período de execución: 2012-13</p> <p>Recursos/financiamento: os necesarios para o reacondicionamento do edificio da Facultade</p> <p>Indicadores de execución: dispoñibilidade dos espazos necesarios para a docencia</p> <p>Como resultado da iniciación do proceso negociador ao que nos referiamos no apartado anterior, a Facultade de Formación do Profesorado cedeu ao CEIP Anexa o uso do seu propio pavillón deportivo e pasou a utilizar o pavillón deportivo do CIFP Politécnico, en réxime compartido co propio CIFP Politécnico e con outros organismos, institucións e asociacións que o utilizan para a práctica de actividades deportivas. Cómpre regular axeitadamente o réxime de utilización dese espazo por parte da Facultade para o desenvolvemento adecuado da docencia propia da área de Didáctica da expresión corporal, así como para a realización doutras actividades relacionadas coa actividade física e deportiva.</p> <p>Punto débil detectado: o horario dispoñible para a actividade docente da Facultade é cada vez máis insuficiente, a medida que se van incorporando os sucesivos cursos do grao, aos que cómpre engadir as materias do Máster DAEN que son responsabilidade da área de Didáctica da Expresión Corporal e, a partir do curso 2013-14, as materias da mención</p>							

<p>en Educación Física propia do grao en Mestre/a de Educación Primaria. Responsable da súa aplicación: USC e Consellería de Educación Actuacións a desenvolver: concreción dun acordo estable de utilización do pavillón durante todo o tempo necesario para o desenvolvemento da actividade docente e deportiva propia da Facultade e, en xeral, do Campus de Lugo. Período de execución: 2013 Recursos/financiamento: ningún Indicadores de execución: dispoñibilidade do pavillón nos termos indicados anteriormente</p> <p>Por outra banda, cómpre substituír o mobiliario da Aula de Música e de certos equipos informáticos das aulas, por atoparse obsoletos. Puto débil detectado: mobiliario inapropiado e equipamento obsoleto Responsable da súa aplicación: Vicerreitoría de Responsabilidade social e calidade da USC Actuacións a desenvolver: solicitude de reposición do mobiliario e do equipamento Período de execución: 2013-2014 Indicadores de execución: dispoñibilidade do mobiliario e equipamento que se demanda</p>	
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Resultados previstos							
<p>Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.</p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>Existen evidencias documentais relativas á realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio. O apartado 8 da MTV ("Resultados previstos") refírese aos valores cuantitativos estimados para os indicadores e a súa xustificación, tendo en conta a taxa de graduación, de abandono, eficiencia e éxito na titulación, xunto coas condicións de realización de estudos que se modifican no Grao en relación coa titulación (a redución do número de prazas de novo ingreso, a limitación do número máximo de créditos matriculados anualmente, e a introdución de metodoloxías de ensino/aprendizaxe máis activas).</p> <p>Para realizar unha adecuada análise dos resultados da formación, a Facultade de Formación do Profesorado conta con procedementos que lle permiten garantir a medición, análise e utilización dos resultados para a toma de decisións e a mellora da calidade das ensinanzas e do propio sistema de garantía interna de calidade definido (Manual do SGIC, capítulo 10 - MC10).</p> <p>A Comisión de Calidade do Centro (CCC) revisa periodicamente a vixencia e actualización da política e planificación plurianual de calidade do mesmo, as canles empregadas para a súa difusión e realiza as propostas de modificación oportunas de acordo co recollido no proceso PM-01 (medición, análise e mellora), mentres que a táboa de indicadores do SGIC (F01-PM-01), para cada titulación ou para o conxunto da Facultade, establece os indicadores asociados ao proceso de medición, análise e mellora. Anualmente, dita Comisión analiza a validez da oferta formativa coa finalidade de asegurar a eficacia e actualización necesaria da titulación e garantir a acreditación da mesma (PM-02). Así mesmo, cóntase cunha sistemática para avaliar a satisfacción dos grupos de interese (PM-03) e dos estudantes coa docencia (P01-PM-03). Finalmente, hai implantado un sistema de atención a suxestións, queixas e reclamacións dos distintos colectivos da comunidade universitaria e existe un proceso de recollida de incidencias relacionadas coa xestión académica, no que se canalizan e se dá resposta ás incidencias relativas ao funcionamento dos procesos asociados á docencia, administración e de apoio (PM-04).</p>							
		2010-11		2011-12			
Taxa de rendemento		86,1		91,6			
Taxa de rendemento por nivel		86,1 (1º)		87,8 (1º) 95,9 (2º)			
Taxa de éxito		93,3		96,2			
Taxa de éxito por nivel		93,3 (1º)		94,2 (1º) 98,4 (2º)			
Taxa de avaliación		92,3		95,2			
Taxa de avaliación por nivel		92,3 (1º)		93,2 (1º) 97,5 (2º)			
Satisfacción do estudantado coa docencia recibida		4,87 (1-7)		3,96 (1-5)			
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

Sistema de garantía da calidade							
<i>Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<p>Existen evidencias documentais relativas á realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio. O apartado 9 da MVT ("Sistema de Garantía Interna de Calidad", en adiante SGIC) detalla os procedementos que a Facultade de Formación do Profesorado debe implementar para asegurar de xeito interno, permanente e con carácter institucional, unha dinámica de control e fomento da calidade dos seus procesos de funcionamento ordinario, actividade académica e principais servizos, que se concreta en: definición da estrutura e dos órganos responsables do SGIC, procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e do profesorado (avaliación do profesorado por parte das/dos estudantes, autoavaliación do profesorado, etc.), procedemento para garantir a calidade dos programas de mobilidade e as prácticas externas, procedementos de análise da inserción laboral das/dos graduados e da súa satisfacción coa formación recibida, procedemento para a análise da satisfacción dos distintos colectivos implicados (estudantes, persoal académico, persoal de administración e servizos, etc.) e de atención ás suxestións e reclamacións, criterios específicos no caso de extinción do título, mecanismos para publicar a información do plan de estudos, etc. Así mesmo, o propio "Manual del Sistema de Garantía Interna de Calidad" no capítulo1 (MC-01) describe como o SGIC conforma un elemento esencial na política e actividades formativas da USC, sendo o seu obxectivo básico garantir a calidade de todas as titulacións mediante a actualización constante da oferta académica e a mellora continua dos programas formativos para satisfacer as necesidades e expectativas dos grupos de interese. Ademais, no "Manual de Procesos" do SGIC, concretamente no proceso PE-02 sobre política e obxectivos de calidade da Facultade, establécese a sistemática para definir, difundir e revisar a política e a planificación plurianual de calidade do citado centro universitario, de xeito que contribúan ao logro dos obxectivos estratéxicos da Facultade de Formación do Profesorado e da USC. Consonante as previsións da MVT e mais do SGIC do Centro, estanse a desenvolver as tarefas de coordinación docente (materia, curso, título e Practicum), foron nomeados os seus responsables e constituíronse as comisións correspondentes.</p>							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
<p>Revisar o SGIC da Facultade Punto débil detectado: o SGIC do centro non está actualizado e resulta demasiado complexo e pouco eficiente Responsable da súa aplicación: Vicerreitoría de Responsabilidade social e calidade da USC Actuacións a desenvolver: implementar unha aplicación informática que facilite a xestión dos SGIC, así como reestruturar e simplificar a información que conteñen. Período de execución: 2013 Indicadores de execución: modificación e actualización do Manual do SGIC da Facultade</p>							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

Calendario de implantación							
<i>Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>Existen evidencias documentais relativas á realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio. O apartado 10 da MVT establece o "Calendario de implantación" do título. O subapartado 10.1 inclúe o cronograma de implantación da titulación. En canto ás validacións, o punto 10.2 ("Procedimiento de adaptación de los estudiantes") inclúe a táboa de validacións da Facultade de Formación do Profesorado. Indícase tamén o procedemento de adaptación do alumnado co título de Diplomado en mestre/a de Educación Infantil ao Grao en Mestre/a de Educación Infantil e o procedemento a seguir para quen non teña rematada a diplomatura. Por último, o subapartado 10.3 refírese ás ensinanzas que se extinguen pola implantación do novo título.</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p>							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p> <p>Implantar o curso complementario, previamente modificado, para a adaptación da Diplomatura ao Grao. Punto débil detectado: os estudantes que remataron a Diplomatura demandan a posibilidade de adquirir a titulación de Grao. A experiencia da Facultade de Ciencias da Educación acredita que o deseño do curso complementario que figura na MVT non é axeitado. Responsable da súa aplicación: USC e Consellería de Educación Actuacións a desenvolver: Modificar o curso complementario e solicitar a súa implantación. Período de execución: 2012-13 Recursos/financiamento: ningún Indicadores de execución: modificación da MVT e implantación do curso complementario</p> <p>Corrixir algúns desaxustes observados na táboa de validacións. Punto débil detectado: a táboa de validacións que figura na MVT e as resolucións para aplicala teñen algunhas disfuncións que cómpre clarificar para facilitar a súa aplicación Responsable da súa aplicación: Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica da USC Actuacións a desenvolver: solicitar do servizo correspondente da USC unha interpretación axeitada das previsións en materia de validacións Período de execución: 2013 Recursos/financiamento: ningún Indicadores de execución: nova resolución sobre validacións</p>							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMENTO.

INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN	
Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
Recoméndase establecer unha correspondencia entre as competencias que se propoñen neste título e as recollidas en documentos de redes ou entidades nacionais e internacionais.	Revisáronse plans doutras universidades españolas e internacionais e incorporáronse competencias acordadas cos obxectivos que pretende o título.
En relación aos sistemas de orientación específicos para a acollida de estudantes de novo ingreso, como os mecanismos de apoio e orientación aos estudantes unha vez matriculados, recoméndase incorporar unha planificación temporal do seu desenvolvemento.	A antiga Escola Universitaria dispuxo dun Plan de Acción Titorial a través do cal se intenta dar resposta adecuada a esta recomendación. Na actualidade, a Facultade desenvolve un Programa de Acollida dirixido aos estudantes de novo ingreso, que ten continuidade, aínda que con diferente orientación, ao longo dos seguintes anos dos estudos, a través das xuntanzas que as coordinacións de curso e de título realizan periodicamente co estudantado, encontros nos que se ofrece orientación e tutela no desenvolvemento do traballo do alumnado, recomendacións para a maximalización do seu esforzo académico, orientación laboral, etc. Neste programa colaboran tamén os alumnos titores debidamente preparados para exercer esa función.
Recoméndase aportar información sobre os mecanismos de financiación vinculados aos programas de mobilidade.	A Facultade difunde a través das canles habituais información relativa ás axudas económicas das que se pode beneficiar o alumnado.
Recoméndase ampliar a información sobre a planificación, mecanismos de seguimento, avaliación, asignación de créditos e recoñecemento curricular referente ás accións de mobilidade.	A Comisión de intercambios interuniversitarios da Facultade leva a cabo as accións pertinentes para garantir o cumprimento desta recomendación.
Recoméndase concretar as competencias vinculadas aos módulos ou materias do título en termos de resultados da aprendizaxe.	Concretáronse as competencias transversais e específicas adecuándoas aos obxectivos de cada materia.
Da análise da información aportada na memoria obsérvase un débil perfil investigador dos profesores asignados a este grao, polo que se recomenda deseñar un plan de promoción do persoal académico e desenvolvemento de doutores potenciando así a investigación.	Trasládase esta suxestión aos departamentos e vicerreitorías correspondentes, co fin de establecer un plan de promoción do PDI e de desenvolvemento de doutores.
Recoméndase presentar un plan de revisión de dotación de recursos materiais e das reformas que se expoñen no apartado 7.2 da memoria deste título.	Na Facultade de Formación do Profesorado comezou a recuperación de espazos utilizados actualmente polo CEIP Anexa, como paso previo á redistribución e readaptación do edificio no seu conxunto. Deste xeito, podemos dispoñer xa dunha nova aula de Didáctica da Expresión Plástica e dun novo espazo para traballo autónomo do alumnado e con equipamento informático para usuarios. Por outra banda, utilizamos o pavillón-ximnasio do CIPF Politécnico, en colaboración con este centro e coa Xefatura Territorial de Educación. Porén, debe axilizarse a redacción do proxecto técnico de remodelación de espazos no edificio da Facultade, propiedade da USC pero compartido co CEIP Anexa, co fin de cubrir axeitadamente as necesidades de docencia e xestión indicadas na MVT.
Recoméndase ampliar a xustificación da taxa de graduación aportada xa que supón case o dobre da exposta nos resultados do histórico presentado no centro da EUFP de Lugo.	Estase traballando cos departamentos implicados en torno aos resultados da taxa de graduación. En todo caso, agárdase que a nova metodoloxía docente posta en marcha nos graos contribúa a acadar unha mellora substancial nos resultados académicos do estudantado.

INFORMES DE SEGUIMIENTO (indicar o ano)	
Recomendacións establecidas no informe de seguimento	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
Non houbo resposta ao informe de seguimento correspondente ao curso 2010-11.	